

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROGRAMA “VAGALUME”

En Santiago de Compostela, 11 de novembro de dous mil oito

REUNIDOS:

Dunha parte:

O Ilmo.Sr.D.Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle son recoñecidas polos artigos 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

E doutra:

Don José Severino Montes Pérez, con DNI: 33.143.565-J, que intervéñ neste acto en calidade de representante legal da Asociación Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, con número de identificación social Q-1500053-B e domicilio social na rúa San Francisco nº 40, en Santiago de Compostela, como entidade sen ánimo de lucro (ONG) constituída por Decreto do 6 de novembro do ano 1965 ao abeiro da lexislación, actuando como presidente e conforme as competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 51 dos estatutos da asociación.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á prestación de servizos sociais de promoción e reinserción social e actividades de promoción e execución de programas propios de muller.

É prestación básica dos servizos sociais, entre outras, a animación, prevención e cooperación social, que teñen por obxecto potenciar a participación de persoas e grupos na vida comunitaria, fomentando a iniciativa social, a solidariedade, o asociacionismo e o voluntariado, así como favorecer a toma de conciencia da cidadanía sobre os seus problemas e poñer en marcha mecanismos que fagan posíbel a participación destes na busca de solucións e na xestión dos servizos e actividades que se demanden.

Segundo.

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos Servizos Sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza en prol da igualdade, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de contribuír na loita contra toda forma de violencia de xénero e conquistar o disfrute dos dereitos humanos e liberdades fundamentais que esta violencia nega, conculcando o dereito á vida, á integridade física e moral.

Terceiro.

A Asociación de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, configúrase como un organismo oficial da Igrexa na Diocese de Santiago de Compostela, para servir a unha acción caritativa e social, a súa natureza xurídica é de entidade privada, segundo o Decreto do Arcebispo de Santiago, do 06 de novembro de 1965 e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

A Asociación Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela está a desenvolver actividades de promoción social e desenvolvemento comunitario encamiñadas basicamente á sensibilización e concienciación da comunidade en xeral, na orde da caridade e da xustiza.

Cuarto.

A Asociación Cáritas Diocesana co seu programa específico de “Vagalume”, ten como fins, segundo os seus estatutos, os seguintes:

- ? Dende o ámbito persoal: facilitar unha vivenda temporal e apoio en situacións de emerxencia para as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual ou mulleres en contextos de prostitución que se atopan en situación de especial vulnerabilidade.
- ? Dende o ámbito familiar: facilitar unha relación directa entre o Centro da Muller e o Centro de nenos e nenas, e crear un espazo onde os rapaces e rapazas reciban apoio e orientación en todo o referente ás pautas familiares.
- ? Dende o ámbito formativo: tratarase de que as mulleres adquiran coñecementos culturais suficientes para desenvolverse na sociedade de maneira autónoma, tamén promoverase o coñecemento de valores, de outras realidades culturais, e de outras persoas, paliando así a situación de illamento.

- ? Dende o ámbito xurídico: tratarase de orientalas en cada demanda individual de atención, promovendo a información dos seus dereitos e obrigas así como o acceso aos diferentes recursos da comunidade.
- ? Dende o ámbito laboral: tratarase de poñer en contacto a cada muller cunha oferta de traballo, tratando de promover a súa autonomía e participación social.
- ? Dende o ámbito económico.- O obxectivo é reducir o impacto das carencias ás que as mulleres vense sometidas.

Para o cumprimento destes fins, realizaranse as seguintes actividades:

- a) Accollida temporal en vivenda de emerxencia para :
 - a. Mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual
 - b. Mulleres en contextos de prostitución que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade
- b) Actividades de carácter persoal:
 - a. Entrevistas de acollida
 - b. Entrevista de información e pacto
 - c. Presentación do centro
- c) Actividades de carácter psicolóxico emocional:
 - a. Atención psicolóxica individual
 - b. Talleres grupais de desenvolvemento persoal.
- d) Actividades de intervención familiar:
 - a. Intervención familiar individual.
 - b. Escola de nais
- e) Actividades de carácter formativo:
 - a. Alfabetización
 - b. Formación e cultura xeral
 - c. Informática
 - d. Visitas culturais
 - e. Formación en igualdade
 - f. Educación para a saúde.
 - g. Educación en valores
 - h. Talleres pre-laborais
 - i. Módulos de formación ocupacional.
- f) Actividades de carácter social xurídico:
 - a. Atención primaria e derivación, no seu caso.
 - b. Orientación social e información de recursos
 - c. Orientación xurídica.
- g) Actividades de mediación laboral:
 - a. Creación dunha bolsa de emprego.
- h) Actividades de sensibilización:
 - a. Charlas, reunións, mesas redondas, dando a coñecer a problemática das mulleres participantes.

- i) Actividades económicas:
 - a. Prevención da vulneración e da exclusión.
 - b. Seguimento persoal
 - c. Axudas individuais na situación de emerxencia
 - d. Bolsas de asistencia aos talleres.

Quinto.

O Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo de maneira continuada entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, se emprega o procedemento de convenio de colaboración.

Por todo o exposto as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

- ? **Piso de Acollida “O NOSO LAR”.**

SEGUNDA. Contido.

- ? **Piso de Acollida “O NOSO LAR”.** – o proxecto ofrece resposta ás mulleres que vivindo ou tendo vivido en contextos de prostitución, pasan por unhas especiais dificultades ou, por unha situación de risco, que impiden a súa autonomía, requirindo dunha intervención específica e dun aloxamento seguro. Deste xeito o proxecto do piso de acollida intégrase dentro do programa de atención especializada á muller excluída ou en risco de exclusión social “Vagalume”.

Beneficiarias: o número de beneficiarias do proxecto é variable en función da demanda existente, contando na actualidade cunha capacidade de cinco prazas

para mulleres (así como dos seus fillos e das súas fillas menores que convivan con elas e se atopen en situación de vulnerabilidade social).

Obxectivos: os obxectivos específicos do proxecto concréntanse en:

1. Dar apoio profesional de urxencia.
2. Proporcionar aloxamento en situacións de emerxencia.
3. Proporcionar unha vivenda segura ás mulleres vítimas da trata de persoas para a explotación sexual.
4. Prestar atención psicolóxica, médica, social e xurídica ás mulleres destinatarias do proxecto.
5. Propiciar a mellora da súa calidade de vida.
6. Apoiar procesos de retorno das mulleres aos seus países de orixe.
7. Apoiar procesos de integración social e laboral no noso país.

Para a consecución dos referidos obxectivos tense previsto a realización das seguintes actividades:

- ✍ Acollida temporal
- ✍ Sesións de terapia individual
- ✍ Desenvolvemento de habilidades básicas: coidado persoal, hábitos de comportamento colectivo, horarios...
- ✍ Labores domésticos.
- ✍ Educación para a saúde.
- ✍ Coñecemento do entorno e idioma.
- ✍ Técnicas de busca de emprego.
- ✍ Aproveitamento de ocio e tempo libre.

Para tal efecto e segundo se establece no marco deste proxecto o piso de acollida “O noso Lar” atenderá as demandas que dende os Servizos de Atención Especializada do Concello de Santiago de Compostela lle sexan remitidas, mantendo unha coordinación con estes e informando do seguimento das actuacións adoptadas en relación coa problemática derivada.

TERCEIRA. Contía da axuda

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo os seus Orzamentos Xerais Anuais correspondentes a cada exercicio económico aportará as cantidades que neles se dispoña nominativamente. En concreto para o presente exercicio económico, o Concello achegará á Institución a cantidade de VINTE MIL EUROS (20.000,00€).

CUARTA. Actividades excluídas de subvención.

As actividades excluídas desta subvención e que non poderán ser obxecto do convenio son:

1. Viaxes de carácter lúdico ou cultural.
2. Festas e outras actividades semellantes.
3. Compra de bens inventariables.

QUINTA. Forma de Pagamento

Respecto da forma de pagamento, estarase o disposto as Bases de execución orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela. Igualmente seranlle de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións.

O pago realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados ó efecto.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando:

- A correspondente memoria e documentación que acredite a realización do obxecto do convenio mediante a realización das actividades e o grao de cumprimento dos obxectivos.(antes do 15 de novembro de cada exercicio).
- Declaración de ter cumprido o obxecto do convenio.
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutros axentes para idéntica finalidade.
- Relación detallada (data, concepto, importe, nº) das facturas ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación.
- Facturas orixinais de gasto (do ano en curso) ou os demais documentos de valor probatorio equivalente ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, que serán obxecto dunha validación e estampado permitindo o control da concorrencia de subvencións (artigo 30.3 parágrafo 3º lei 38/03 e artigo 28.3 parágrafo 3º lei 9/2007)
- Se presentan facturas pagadas ao contado, declaración de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da asociación.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. En ningún caso, a contía do convenio, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a asociación.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a asociación obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superará o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago. E procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custe da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do estipulado nas bases de execución orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas das anualidades correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

SEXTA. Obrigas do beneficiario

Con suxeición ós termos deste convenio, en cumprimento do establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 27 de novembro xeral de subvencións, e das Bases de Execución orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela, a Asociación asinante ten entre as súas obrigas as seguintes:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola Asociación e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade o ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- h) O beneficiario deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal

efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago.

- i) Cumprir co resto dos requisitos e obrigas recollidas nos artigos 10º e 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j) Proceder o reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 13.2 K) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 33 da referida Lei.

SÉTIMA. Protección de datos

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal e o seu regulamento.

A tal efecto e de conformidade coa normativa de referencia, a asociación tratará os datos de carácter persoal en relación coa actividade obxecto do convenio, que non os aplicará ou empregará con fin distinto ó estipulado, nin os comunicarán, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, estando sometidas ás correspondentes medidas de seguridade.

Cumprido o obxecto do convenio os datos de carácter persoal obtidos como consecuencia da realización de actividades deberán ser destruídos ou devoltos a esta entidade, así como o soporte material ou documentos resultantes en que conste algún dato de carácter persoal. No caso de destinar os datos a outra finalidade non conveniada ou incumpra o estipulado, incorrerá en responsabilidade pola infracción cometida.

OITAVA. Seguimento e avaliación

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (técnicos da Concellaría de Muller e da devandita Asociación). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

NOVEVA. Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio, e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento (artigo 13.2 K) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) as seguintes:

1. O incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. Duración do convenio

A presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2.008 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas durante o exercicio 2.008 para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

Non obstante, poderase prorrogar, por acordo expreso, por igual período de tempo, de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións (artigo 16).

En todo caso, calquera das partes poderá denunciálo comunicándoo por escrito á outra parte con dous meses de antelación a finalizar o período de vixencia.

UNDÉCIMA. Carácter do Convenio

Este convenio ten carácter administrativo, rexéndose ós seus efectos polas cláusulas establecidas nel, e no non previsto, seranlle de aplicación o disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lexislación de Réxime Local aplicábel ó caso.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa polo Illmo. Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

Polo Concello de Santiago de Compostela

Pola Asociación Cáritas Diocesana
"Vagalume"

Asdo.: Xosé Antonio Sánchez Bugallo

Asdo.: José Severino Montes Pérez